

ACTIVIDADE 1.- Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes informacións.

A oración é un tipo de enunciado que non leva verbo.

Todas as frases son oracións.

Falar de enunciados e falar de oracións é o mesmo.

Unha oración nunca pode levar un predicado.

O predicado é obrigatorio para que haxa oración.

O núcleo do suxeito e o do predicado concordan en xénero e número sempre.

A modalidade do enunciado é a cantidade de verbos que aparecen.

A modalidade enunciativa é aquela en que se nos anuncia un feito ou pensamento.

A modalidade dubitativa é aquela que expresa unha dúbida.

A modalidade imperativa é o mesmo cá desiderativa.

O núcleo do suxeito é sempre un verbo.

O núcleo do suxeito é sempre un adxectivo.

O núcleo do predicado é sempre un verbo ou unha perífrase verbal.

O núcleo do suxeito é sempre un substantivo ou un pronome.

O verbo non pode ir acompañado de ningunha outra palabra na oración.

O núcleo do suxeito e o do predicado non teñen relación de concordancia.

O léxico galego procede maioritariamente dos xermánicos, pero tamén hai algún elemento do latín.

Os pobos celtas e preceltas son a base para a maioría do léxico galego.

Os árabes non contribuíron na formación do galego.

Cando queremos explicar como é algo ou alguén empregamos a narración.

ACTIVIDADE 2.- Indica a modalidade dos seguintes enunciados.

Talvez cheguemos a tempo para ir ao concerto.

Estivestes ata o final da conferencia?

Como chove!

Se cadra esta fin de semana imos de viaxe a Asturias.

Oxalá me saia ben esta actividade.

Ese rapaz terá uns vinte anos, máis non creo.

Onde vaias ti, vou eu.

Eramos poucos e pariu a avoa.

Non me apetece nada traballar agora.

E logo non che doen as pernas de tanto andar?

ACTIVIDADE 3.- Escolle a modalidade correcta en cada caso.

Teremos uns tres mil euros aforrados.

Quizais non creas o que che vou dicir.

Se cadra esa non é a mellor resposta.

Na reunión habería unhas trinta persoas.

Cando chegamos debían ser as dúas e cuarto.

Talvez saibas a verdade ou talvez non.

Ao mellor están esperando por nós na estación.

Esperarán por nós na estación, digo eu.

O vindeiro mes de febreiro cumprirá quince anos.

Cumprirá quince anos, máis non creo.